

ANTECEDENTES DA MODERNA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA: FRAI MARTÍN SARMIENTO E MARCIAL VALLADARES

URSULA ESSER

RWTH Aachen / Univ. do Porto

Os procesos da moderna planificación lingüística, a do corpus e maila do status, deron como resultado un maior prestixio social e unha nova autoconciencia entre os falantes das comunidades que os emprenderon.

É preciso superar, en primeiro termo, o problema da diglosia e a súa consecuencia, o *language shift*. Noutras palabras, para acabar co dominio dunha lingua A sobre unha lingua B, o idioma minusvalorado debe cubrir tódalas necesidades da comunidade lingüística na que está inserto. Só daquela a lingua se converte en 'vínculo de unión' e pode definirse como *unifying function* e *separatist function*¹ para a nación lingüística: "La lengua es un vínculo de unión muy importante entre los miembros de una comunidad. A pesar de los múltiples cambios sociales, de las distancias, de todas las circunstancias que hacen que se aflojen los lazos, la lengua tiene efectos unificadores" (Díez / Morales / Sabin 1980:14).

O clima intelectual dos primeiros momentos do Romanticismo foi o que favoreceu o espertar nacional para as culturas e as linguas propias.

Aínda que Fernández del Riego fixa o comezo do Rexurdimento xa no ano 1808 -"O influxo romántico opera, pois nodalmente no movemento restaurador da Literatura galega. Este movemento pode decirse que emprincipia cara o 1808..." (Fernández del Riego 1951:77)-, é o ano 1863, data da publicación dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, o que simboliza o inicio do Rexurdimento galego.

¹ Véxase Garvin / Mathiot (1968).

Mais segundo Kloss² non son os poetas, senón os filólogos, os principais responsables da planificación do corpus. Sería tarefa posterior dos escritores, a través da súa creatividade, diferenciar e complementa-lo nivel estandarizado da lingua en rexurdimento³.

A base mínima para unha normativa supradialectal son unha gramática normalizada e mais un diccionario o máis completo posible. De aí en diante terán que elaborarse obras guías como manuais e outros tipos de diccionarios.

No caso do galego encontrámonos xa no século XVIII ante un grupo de 'afeccionados á lingua': son os chamados "tres homes da Ilustración"⁴, Frai Benito Jerónimo Feijoo, Frai Martín Sarmiento e Cornide Saavedra. A súa existencia significaba para Losada que "Galicia se hallaba en la vanguardia de los estudios lingüísticos en el siglo XVIII"⁵. Entre os tres destaca Frai Martín Sarmiento: "La ilustración dieciochesca significa en Galicia el comienzo del despertar: la curiosidad científica y la voluntad crítica conducen a Sarmiento a impugnar la diglosia; es el primero en hacerlo en Galicia después de la decadencia"⁶. No seu *Onomástico de la lengua gallega* o Padre Sarmiento esixe a elaboración dun vocabulario que permita a súa comprensión desde o cabo Ortegal ata o cabo de Fisterra. Recoñece que a falta dunha lingua escrita ten como consecuencia a atomización dialectal e posteriormente a súa desaparición. Ademais débese posibilita-la aprendizaxe da lingua por parte daqueles que non a teñen como lingua materna -outra demanda da moderna planificación lingüística: "Este vocabulario sería útil para los infinitos que sin ser gallegos vienen a Galicia a administrar retas públicas, justicia, sacramentos, etc."⁷. A seguinte comparanza amosa qué preto estaban as súas ideas, no campo da investigación semántica, dos principios da normalización lingüística actual:

"Segundo que se lean todos o muchos de los instrumentos gallegos que se hallan en los archivos, anteriores al año de 1500, y que de ellos se saquen las voces y frases gallegas en cuadernos aparte... Tercera, que unha docena de gallegos curiosos y eruditos, esparcidos y de asiento en doce distintas partes de Galicia, recogiesen todas las voces gallegas, que hoy se hablan..." (Sarmiento 1755:44s).

E as *Normas* de 1982 teñen como principios:

² Véxase Kloss (1978).

³ Véxase Baum (1987).

⁴ Fernández del Riego (1951:69).

⁵ Losada (1976:260s).

⁶ Sendón / Monteagudo (1984:89).

⁷ Sarmiento, véxase Fernández (1978).

"O galego común debe segui-las boas tradicións da antiga lingua galega que sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua... Consecuentemente, o galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas a escoller como normativas (Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego 1982:7).

Na tradición deste precursos do século XVIII atopamos cen anos máis tarde a Marcial Valladares. O seu *Diccionario gallego-castellano* conta 9.300 lemas. El pide un diccionario que non acepte o predominio do castelán, senón que recolla conscientemente as posibilidades lexicais das numerosas voces galegas auténticas: "... si cualquier patán del campo viese en un diccionario gallego, al lado de las voces, ó palabras de su dialecto, único que conoce y entiende, equivalencias castellanas, que la gente instruida usa, procuraría naturalmente irse familiarizando con las segundas y olvidarse de las primeras" (Valladares 1884:VII).

Por motivos psicolóxicos deberá conseguirse un nivel culto estándar que sexa aceptado polo galegofalante. Esta normativa supradialectal na que o falante se pode recoñecer cumpre a necesaria *unifying function* da lingua e protéxea así mesmo a través da súa *separatist function*. Así, a lingua nacional normalízase liberándose da diglosia. Valladares recoñece que a superación do carácter dialectal (lingua popular) dunha lingua só pode lograrse por medio dun léxico unitario e complexo. Para iso non debe considerarse unicamente a fala dunha comarca, di el tamén.

Na formación dunha lingua a prosa científica ten un valor preponderante⁸, feito que Valladares xa ve en 1884 cando tenta completa-lo seu Diccionario co anexo "un ligero vocabulario científico".

No seguinte paso das úas consideracións Valladares xustifica a necesidade dun diccionario o máis completo posible coa potencialidade de novos medios e vías de comunicación na vida cotiá: "...que ante las numerosas vías de comunicación abiertas hoy en Galicia, ante las invenciones del ferrocarril y del telégrafo eléctrico, ante el movimiento material é intelectual de nuestra época, comprendemos la utilidad ahora como nunca de un completo Diccionario Gallego-Castellano" (Valladares 1884:VI).

A introducción da lingua nacional nos 'mass media' é hoxe en día unha das tarefas máis importantes da planificación do status. Dá paso á conciencia nacional lingüística, feito que sobre todo se fai necesario en estados multinacionais, para rematar co dominio da lingua

⁸ Véxase Kloss (1978).

estatal sobre a lingua rexional en elaboración -e isto en tódolos contextos da vida.

Valladares incluso vía xa que facía falla unha academia da lingua, institución que hoxe ninguén pon en cuestión. Por último, insiste na necesidade de elaborar materiais didácticos que posibiliten o ensino do galego nas escolas do país. "Ver que en el último decenio del siglo diecinueve, apellidado de las luces, careciendo todavía de Academia regional de nuestro dialecto, carecemos de reglas gramaticales que tiempo es aprendan los niños en las escuelas y se generalicen luego entre las clases todas..." (Valladares 1892/1970:VI).

Por todos estes puntos pódese considerar a Valladares como un planificador da lingua no moderno sentido da palabra. As razóns polas que unha política lingüística se estrutura en Galicia relativamente tarde -anos oitenta do século XX- non están na falta de traballos filolóxicos que a promovan, senón máis ben no desenvolvemento das condicións políticas e socioeconómicas do país.

Bibliografía

- Baum, R. (1987): *Hochsprache, Literatursprache. Materialien zur Charakterisierung von Kultursprachen*. Darmstadt.
- Díez / Morales / Sabin (1980): *Las lenguas de España*. Madrid.
- Fernández, M. (1978): *Bilingüismo y planificación lingüística en Galicia*. Memoria de Licenciatura. Santiago de Compostela.
- Fernández del Riego, F. (1951): *Historia da Literatura Galega*. Vigo.
- García Sendón, M. / Monteagudo Romero, H. (1983): "La cooficialidad del gallego. Historia y actualidad", *Revista de llengua i dret* 2, 85-95.
- Garvin, Paul / Mathiot, M. (1968): "The urbanization of the Guarani language: A problem in language and culture", in J. A. Fishmann: *Readings in the sociology of language*. The Hague / Paris, 365-377.
- Kloss, H. (1978): *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen von 1800 bis 1950*. München. 2. erw. Aufl.: *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen seit 1800*. Düsseldorf.
- Losada, B. (1976): "La literatura", in X. R. Barreiro Fernández et al.: *Los gallegos*. Madrid, 241-318.
- Sarmiento, Fr. M. (1755): *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*. Santiago de Compostela.
- Valladares, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago.
- Valladares, M. (1892/1967): *Elementos de gramática gallega*. Vigo.